



GRUPO PROVINCIAL

G-32014003

xosebaltar@bng.gal

PREGUNTA PARA PRESENTAR NO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bernardo Varela López, Voceiro do Grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Deputación de Ourense, en base o estipulado no artigo 14 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e o artigo 4 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado trinta de decembro de 2020 enterábamonos da sorpresiva adxudicación da xestión estación de montaña de Manzaneda, a unha empresa que en principio semella carecer de experiencia na xestión deste tipo de infraestruturas . Tamén se descoñecen varios aspectos do proceso de licitación, na propia páxina de MEISA, non figura a apertura dun novo proceso de selección e adxudicación para a xestión dunhas instalacións das que a Deputación provincial de Ourense posue o 49.45% das accións.

SOLICITA resposta as seguintes preguntas :

1) Cal foi o procedemento de adxudicación? 2) Onde se fixo a licitación e onde foi publicada? 3) Cal foi o prazo de adxudicación? 4) Ten a Deputación de Ourense ou a Xunta de Galiza as mínimas garantías para o funcionamento desta empresa para a xestión destas instalacións? 5) Cal foi a contratación económica da adxudicación? 6) Cales son as melloras previstas para o funcionamento desta adxudicación? 7) Disponibilizou a Deputación de Ourense ou a Xunta de Galiza fondos para facer fronte ás melloras de funcionamento? 8) Cal é a data prevista de inicio de actividade? 9) farase público o prego de concidicións económicas para esta licitación? 10) poráse a disposición pública o informe previo á adxudicación?

Ourense, a 4 de xaneiro de 2021

~~Bernardo Varela López~~

~~Voceiro do grupo provincial do BNG~~

~~SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE~~